

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE FEBREIRO DE 2011

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/928/2009.- CARMEN SEXTO OTERO.- Aceptación de cesión dos terreos destinados a ampliación ou regularización do viario, a favor do Concello de Santiago de Compostela.

LIC/1524/2009.- ANXO REY IGLESIAS.- Estimar recurso e conceder licenza para construción dun galpón para almacenamento de apeiros de labranza.

LIC/1546/2010.- MIGUEL ANGEL CASTRO CARBALLEIRO.- Construción de vivenda unifamiliar no Lugar do Barral.

LAP/151/2009.- CINESA-COMPAÑÍA DE INICIATIVAS Y ESPECTÁCULOS.- Conceder licenza de obra e apertura para 8 salas de cine, comercio de pastelería e bar para uso do cine no Centro Comercial das Cancelas.

DENEGADAS.-

LIC/50/2010.- SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA MONTE DO GOZO.- Desestimación de alegacións e denegación de licenza para construción dun edificio e apertura de 101 apartamentos turísticos de tres chaves na parcela 25 do SUNP-31.1

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

251/11.- HOSTELERÍA XEXAM, SL Expte. LAP/20/2008 2.000 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2425/2010.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Restauración do Pórtico Real da Catedral de Santiago na Praza das Praterías.

LIC/1916/2010.- JOSÉ LUIS TOUCEDA BARREIRO.- Derruba de edificación anexas do inmobile sito no Rueiro de Figueiriñas, 16.

LIC/1957/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Intervención na fachada principal do convento de Santa Clara.

LIC/1782/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Intervención na cuberta da casa reitoral de San Miguel dos Agros na ruela de Xerusalén.

LIC/2397/2004.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Construción de edificio de investigación biolóxica na parcela sita na rúa López Marzoa S/N.

LIC/2423/2010.- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.- Obras de emerxencia nas torres e cubertas do entorno do portico da gloria para eliminar humidades.

CAMBIO DE TITULARIDADE

LIC/2478/2010.- Cambio de titularidade da licenza de obras concedida a Zoar Residencial S.L. para rehabilitación de vivenda e local comercial na rúa Cruceiro do Gaio, 9-rúa do Campo do Gaio, 18 a prol de Carlos Pesquera Plazaola e Dna. María José Rivas Lorenzo.

DISCIPLINA

DIS/1052/2010.- Desestimar as alegacións presentadas por D. José Francisco Caamaño Louzao e imposición de sanción de 3.000€ por ocupación de vía pública con terraza na rúa de Raxoi, 3 sen autorización municipal

3.- Desestimación de alegacións presentadas contra procedemento sancionador por infracción da Ordenanza de ocupación de vía pública.

Desestímanse as alegacións.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación dos prazos de admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas.

Apróbanse os devanditos prazos:

1. prazo de presentación de solicitudes de renovación é traslado: do 1 ao 10 de marzo
2. prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso: do 15 de marzo ao 15 de abril.
3. prazo de matrícula: do 1 ao 15 de xuño.

5.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación da adhesión do Concello de Santiago ao convenio para o desenvolvemento da e-administración nas entidades locais da Comunidade autónoma de Galicia (substitución do convenio do Portelo Único.)

Apróbase a adhesión ao convenio e a realización de todos os trámites necesarios ante a Xunta de Galicia para que a adhesión teña efecto.

6.- Prórroga do prazo de execución das obras de construción de pistas de tenis e Paddle en Sar, incluída no FES 2010.

Acórdase solicitar á Dirección Xeral de Cooperación Local a prórroga do devandito contrato asinado coa mercantil PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN, SL, ata o vindeiro 18 de marzo de 2011.

7 a 183.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

185.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aceptación polo Concello de Santiago, como propietario do predio dominante ZV1 (finca rexistral 54.879), da constitución pola Cooperativa Monte do Corgo de servidume para evacuación de pluviais, na parcela M4(finca rexistral 54.837) do SUP-7 Pontepedriña.

Acéptase a constitución da servidume acordada pola Cooperativa Monte de Corgo sobre a parcela M4.

186.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

Rexéitase un recurso.

187.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do Programa de Escena ano 2011 para a rede sociocultural.

Apróbase o programa e un orzamento de 47.500 euros.

188.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación provisional do servizo de redacción de proxecto básico e executivo e redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do Centro Cívico do Romáño-Vista Alegre.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia a Elisabeth Abalo Díaz, por importe de 73.160 euros.

189.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación definitiva das obras de reforma do campo de fútbol de Belvís.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 276.930 euros

190.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación definitiva das obras de construción do campo de fútbol de San Lázaro.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 118.836,49 euros.

191.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo, relativa á aprobación do programa "Homenaxe ao comercio da cidade 2011".

Apróbase a actividade e un orzamento de 6.000 euros.

192.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á aprobación do Programa de Inverno 2010-2011 da Concellería de Participación Cidadá.

Apróbase o programa e un orzamento de 15.000 euros.

193.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Abóanse as horas extraordinarias de diverso persoal municipal.

194.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo para a realización de actividades dirixidas á xuventude, á promoción da información xuvenil e á incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante 2011.

Acórdase solicitar a devandita subvención por importe de 7.500 euros.

195.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o mantemento de escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais.

Solicítanse sendas subvencións.

196.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á adxudicación do servizo de lacería de animais abandonados no termo municipal de Santiago.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, SL, por importe de 43.232,75 euros.

197.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello para o financiamento da obra de ampliación da rede de saneamento en Sionlla.

Dáse conta do devandito convenio polo que a Deputación achega 22.890,02 euros

199.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación dunha operación de tesorería para INCOLSA.

Autorízase a formalización dunha operación de crédito a curto prazo por importe de 828.000 euros coa entidade bancaria BBVA.

URXENCIAS

1.- Apróbase a sinatura do protocolo de adhesión á rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica entre a Xunta de Galicia e o Concello.

2.- apróbase a certificación de liquidación da obra de adecuación, rehabilitación e mellora do pavillón polideportivo Monte dos Postes por importe de 24.387,31 euros.

3.- Autorízase de novo o uso gratuíto e en precario, por un ano prorrogable ata un período de 4 anos, a ASPAS (Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos) de dúas vivendas municipais para o desenvolvemento do proxecto para a vida independente de persoas con discapacidade intelectual.

4.- Acórdase prorrogar o contrato do servizo de elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) suscrito coa empresa EPYPSA ata o vindeiro 10 de marzo.